



RESOLUCION DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DA CORUÑA POLA QUE SE ESTABLECE O CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN DO PERMISO DE EXPLOTACION DE MARISQUEO A PE NA MODALIDADE XERAL PARA O ANO 2022

1. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.1 Segundo o disposto no artigo 12.1 da Orde de 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias, **acorda establecer o calendario** e lugar de presentación de solicitudes **para a renovación dos permisos de explotación para marisqueo a pé na súa modalidade xeral**.

2. CALENDARIO PARA A RENOVACIÓN:

Para a súa tramitación, as solicitudes deberán ser enviadas ás xefaturas indicadas a continuación e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

Lugar de presentación:

Xefatura Territorial de A Coruña

Do 19 de abril ao 10 de maio de 2021:

- Agrupación de mariscadores do esteiro do Rio Anllóns.
- Asociación de mariscadoras Fonte de Santa Elena de Baldaio.
- Confraría de pescadores de Miño.
- Confraría de pescadores de Sada.
- Confraría de pescadores de A Coruña.
- Confraría de pescadores de Camariñas.
- Confraría de pescadores de Corcubión.

Lugar de presentación:

Xefatura Comarcal do Mar de Ribeira

Do 19 de abril ao 10 de maio de 2021:

- Confraría de pescadores de Lira.
- Confraría de pescadores de O Pindo.
- Confraría de pescadores de Muros.
- Confraría de pescadores de Noia.
- Confraría de pescadores de Palmeira.
- Confraría de pescadores de Pobra do Caramiñal.
- Confraría de pescadores de Cabo de Cruz.
- Sociedade Cooperativa Ría de Arosa.
- Confraría de pescadores de Rianxo.





Lugar de presentación:

Xefatura Comarcal do Mar de Ferrol

Do 19 de abril ao 10 de maio de 2019:

- Confraría de pescadores de Ferrol.
- Confraría de pescadores de Barallobre.
- Confraría de pescadores de Mugardos.
- Confraría de pescadores de Pontedeume.

3. Para a renovación dos permisos que xa fixeron a renovación quinquenal, deberase presentar a seguinte documentación:

3.1 Modelo ou formulario de solicitude normalizada: ANEXO II da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación de recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) (anexado á presente resolución e dispoñible na seguinte dirección (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PE401B>)).

Conforme ás Aclaracións do 10 de marzo de 2021 do Servizo de Xestión de Recursos Marisqueiros da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sobre a presentación de solicitudes relativas aos permisos de explotación a pé de marisqueo xeral e de recursos específicos, neste formulario se marcará:

- A confraría/ entidade de pertenza.
- A modalidade do permiso sobre o que se quere facer o trámite (Marisqueo xeral).
- Na sección do obxecto da solicitude: a actuación concreta que se pretenda realizar (Renovación).

As solicitudes virán acompañadas da documentación xustificativa necesaria en cada caso, e que se detalla ao longo da presente Resolución.

Logo da solicitude, as actuacións posteriores que podan xurdir durante a tramitación do procedemento (*Emenda ao requirimento, achega de documentación separada, alegacións, etc.*) presentaranse tamén de xeito electrónico a través das accións asociadas a solicitude inicial, accedendo na SEDE a “A miña sede”, localizando a solicitude e seleccionando en “Accións” a actuación a realizar.

Cando a persoa solicitante actúe designando a unha persoa representante para a tramitación do procedemento achegarase o formulario normalizado correspondente de representación (Dispoñible en <https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>), que deberá asinarse pola persoa representante e pola persoa outorgante da representación.

En todo caso, aínda que outra persoa física ou xurídica actúe como representante, tanto na solicitude como nas accións posteriores, a persoa que debe figurar como solicitante nas presentacións é a titular do permiso.

3.2 Xustificante de abono da taxa correspondente, agás no caso de que o pagamento se realizase de xeito telemático.





3.3 Para acreditar ter realizado actividade extractiva suficiente, a información relativa ás vendas en lonxa ou punto de venda autorizado realizadas durante o ano natural inmediatamente anterior (ano 2020), será a que figure en poder da Consellería do Mar.

En canto a actividade extractiva suficiente terase en conta o establecido na Resolución do 20 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se ditan normas sobre o cumprimento do requisito de actividade extractiva suficiente no ano 2020 para a renovación de habilitacións para o exercicio do marisqueo, modificada pola Resolución do 14 de agosto de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

De cara a cumprir co requisito de actividade extractiva suficiente (notas de venta) nos plans para renovar as habilitacións para o exercicio do marisqueo:

1. O período comprendido entre o 16 de marzo e o 31 de decembro de 2020 excluírase do período para demostrar actividade extractiva suficiente nos plans de xestión en 2020.
2. Todos os días de vendas rexistradas polos titulares durante o período indicado no punto anterior poderán computar de cara a xustificar a porcentaxe de actividade extractiva suficiente no plan de xestión en 2020.

3.4 Certificado da entidade titular do plan de xestión en que se faga constar a porcentaxe dos días dedicados no ano 2020 para o traslado de semente, a limpeza de bancos marisqueiros, así como as actividades de semicultivo necesarias para a mellora da produción e os traballos de control, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, sempre que estivese recollido no plan de xestión aprobado. Este certificado incluírá a información establecida no apartado 3b) do artigo 12º da Orde de 15 de xullo de 2011, é dicir:

1. As datas dedicadas pola persoa solicitante ás tarefas relacionadas anteriormente, expresando en todo caso os días e meses en documento selado e asinado polo/a presidenta/e da agrupación sectorial, de estar constituída, ou en caso contrario, pola persoa representante da confraría ou entidade asociativa.
2. A información necesaria sobre o desenvolvemento das actividades, que permita calcular se a persoa solicitante cumpre a porcentaxe necesaria para renovar o permiso de explotación.

3.5 Informe de vida laboral con data do mes da solicitude. Non será necesario presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada para que esta consellería consulte estes datos.

3.6 De ser o caso, documentación que xustifique o tempo durante o cal a persoa titular permanecese inactiva por causa imprevisible ou inevitable debidamente xustificada, por violencia de xénero, e por atoparse nalguna das seguintes situacións protexidas pola Seguridade Social: incapacidade temporal, maternidade ou paternidade, por nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.

3.7 Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. Non será necesario presentar esta documentación no caso de consentimento expreso da persoa interesada para que esta consellería consulte estes datos.

3.8 De ser o caso, os días dedicados a actividades de turismo mariñeiro e/ou aos labores de





control da actividade extractiva terán a consideración de días de actividade marisqueira para os efectos de renovación do permiso de explotación a pé e computarán para a dita renovación cando coincidan cun día de actividade extractiva.

3.9 De ser o caso, os días dedicados polas persoas mariscadoras á extracción de semente de mexillón computarán para a renovación do permiso de explotación para marisqueo a pé cando coincidan cun día de actividade extractiva.

3.10 O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a **obligatoriedade para os traballadores autónomos de relacionarse a través de medios electrónicos** no ámbito do sector público autonómico.

Así, as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNle) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Xunto á documentación requirida, e no mesmo prazo proposto de presentación, as entidades asociativas do sector deberán achegar certificación dos días hábiles de extracción na modalidade por mes traballado durante o ano 2020.

De ser o caso, tamén deberán achegar certificación en que se faga constar os días dedicados a actividades de turismo mariñeiro e/ou aos labores de control da actividade extractiva así como dos días dedicados á extracción de semente de mexillón. O documento será asinado polo/a presidenta/e da agrupación sectorial, de estar constituída, ou, en caso contrario, pola persoa representante da confraría ou entidade asociativa e incluírá a información necesaria que permita comprobar se a persoa solicitante asistiu ás ditas actividades.

4. Para a renovación dos permisos de explotación aos que lles corresponde a renovación quinquenal

A xefatura territorial ou a xefatura comarcal correspondente remitirá ás confrarías/entidades a relación das persoas co permiso de explotación vixente ás que lles corresponde a renovación quinquenal, que ademais da documentación especificada nos apartados anteriores, deberán presentar 2 fotografías tamaño carné.

5. Para a renovación dos permisos de explotación que tamén solicitan a suspensión temporal da vixencia do permiso: novas solicitudes e prórrogas

Aquelas persoas que se atopen nunha situación de suspensión temporal da vixencia do permiso de explotación, xa sexa unha nova solicitude ou unha prórroga da suspensión concedida, **xunto co formulario de solicitude de renovación deberán presentar por separado outro formulario de solicitude de suspensión**, é dicir, presentaranse dúas solicitudes PE401B independentes: unha co obxecto da renovación, e outra co obxecto da suspensión, coa seguinte documentación:

- **Documentación que acredite a situación** que xera o dereito á concesión da suspensión temporal da vixencia do seu permiso de explotación ou que se mantén a situación que levou á concesión da suspensión, segundo sexa unha nova solicitude ou unha prórroga respectivamente.
- **Certificado da entidade titular do plan de xestión** conforme está ao día nas súas obrigas





como socio/a da confraría, entidade ou agrupación na que estea integrada.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial, xefaturas comarcais correspondentes e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén deberá estar exposta nos taboleiros de anuncios de ditas entidades asociativas, durante o prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A xefa territorial
Ma José Cancelo Baquero

